

1 Escribe o superlativo destes adxectivos de dúas maneiras diferentes.

novo

grande

feliz

canso

.....  
 .....

2 Subliña as frases feitas que atopas nestes globos de diálogo e explica o seu significado.



.....  
 .....

3 Le este texto e rodea a sílaba tónica das palabras graves.

A aclaración do misterio obtív<sup>en</sup>a de maneira indirecta grazas ao meu irmán Ví<sup>to</sup>r. Un día tiven que entrar no seu caótico refuxio privado do faio porque a mamá non atopaba a súa cámara fotográfica profesional e eu sabía que el lla collía ás veces para os seus experimentos no ordenador.

MANUEL LORENZO: *O día despois do día*, Ediciones SM

- Que regra de acentuación das palabras graves segue a palabra Vítor?

.....

- 4 Escribe unha descrición para os personaxes deste debuxo. Debes utilizar adxectivos en grao positivo, adxectivos en grao comparativo e adxectivos en grao superlativo.

.....

.....

.....

.....

.....

.....



- 5 Le esta lenda e contesta as preguntas que se formulan a continuación.

Hai moitos anos, miles de anos, vivía nun gran castelo unha princesa moi egoísta. Esta princesa herdara unha gran cantidade de diñeiro dos seus antepasados, uns reis moi ricos e coñecidos.

A princesa, de nome Margarida, decidira facer un cabalo con todas as moedas de ouro que tiña (que eran moitas!). Un día, o castelo inundouse debido ás fortes chuvias e a princesa decidira salvar unicamente o seu cabalo, e deixou que as lembranzas de toda a súa vida se esvaecesen.

Conta a lenda que o cabalo fuxiu e que a princesa quedou sen diñeiro e tamén sen lembranzas.

- a) Que elemento cres que é fantástico nesta lenda?

.....

- b) Pensas que hai algún feito real? Cal? Escríbeo.

.....

- 6 Fai un resumo da lenda anterior coa información máis importante.

.....

.....

.....

.....

**1** Relaciona estas frases feitas cos significados correspondentes.

Estar na póla.

Botar lume polos ollos.

Meu dito meu feito.

Facer algo moi rápido.

Estar despistado.

Estar moi enfadado.

**2** Escribe unha frase feita e o seu significado a partir destes debuxos.



.....  
 .....



.....  
 .....



.....  
 .....

**3** Escribe ao carón de cada frase feita o seu significado correspondente.

Estar distraído.

Molestar, ser pesado.

Querer complicar as cousas.

a) Dar a roncha. ▶ .....

b) Buscarlle os tres pés ao gato. ▶ .....

c) Andar aos biosbardos. ▶ .....

**4** Elixe unha frase feita da actividade anterior e escribe unha oración en que a utilices.

.....

1 Rodea os adxectivos das seguintes oracións e subliña os substantivos aos que acompañan.

- Os pianistas son fantásticos, demostrárono no marabilloso concerto de hoxe.
- Esta é unha familia moi caritativa e xenerosa, sempre axudan a todos os veciños.
- O pai de Brais comprou un coche antigo que parece novo.
- As gatas de Iria son preciosas e moi boiñas, nunca fan falcatruadas.

2 Analiza os adxectivos anteriores segundo o exemplo.

...Fantásticos: adxectivo masculino plural.....

.....

.....

.....

3 Le e completa as seguintes oracións en grao comparativo. Usa *máis* ou *menos* diante dos adxectivos para que teñan sentido.

- A miña nai é ..... nova ca a miña avoa.
- O coche é ..... rápido ca o avión.
- O elefante é ..... grande ca o gato.

4 Observa este debuxo e completa o texto coa forma correcta dos seguintes adxectivos.

maior

fortísimo

pequenísima

máis pequena

mediano

O avó é o ..... dos tres.

O neno é o ..... e a nena

é ..... ; é a .....

..... dos tres. O neno é


..... ! Leva a bolsa da

compra sen axuda ningunha!



Nome: ..... Data: ..... Curso: .....

1 Escribe as palabras graves que representan estes debuxos.



.....




.....



.....

.....


2 Ordena as sílabas para formar palabras graves e escríbeas. Despois, colorea a peza que leva a sílaba tónica.



.....

.....

.....



.....


.....

3 Escolle a palabra grave para completar estas oracións.

- O pasado verán montamos en ..... (barco/tren).
- Descubrimos un niño de ..... (paxaros/gorrións) nunha árbore do parque.
- En Educación Física fixemos exercicios para traballar os ..... (bíceps/músculos).
- Meu avó fixo un invernadoiro moi ..... (bonito/práctico) para as plantas.

1 Completa este encrucillado con palabras graves.

- 1) Planta acuática.
- 2) Óso que está na coxa.
- 3) Clase de animal que se despraza reptando.
- 4) Cousa que se pode mover e desprazar.



2 Le o texto e fíxate nas palabras destacadas. Cámbiaas polas seguintes frases feitas.

Escachar coa risa.

A esgalla.

Sen pés nin cabeza.

Antón sempre inventa historias **sen sentido** pero que nos fan rir un montón. É un bo compañeiro de clase, e ademais gústalle moito a literatura. De maior quere ser escritor, para así poder escribir novelas **sen parar**.

.....

.....

.....

.....

3 Escolle dous dos seguintes personaxes e escribe unha breve lenda.

.....

.....

.....

.....

.....



- 1 Le o seguinte texto e rodea as palabras esdrúxulas.

Pola tarde, Cora levounos ao cine. Non entendín nada da película e mesmo esquecín o título, pero non dixen nada. Tamén comín un xeado á saída, aínda que non me gustan, xa sabes, están demasiado fríos, pero tampouco non quería contrariar a Cora. Vas rir, pero comportábanse coma se nunca antes fose ao cine ou nunca comese un xeado na rúa. É todo porque me levou tempo elixir o sabor, pero Cora dixo que non iríamos á praia ata que eu aprendese a nadar. Mañá comezo as clases. Ai, au, ai, xa che contarei mañá.

VALÉRIE DAYRE: *As desgrazas de Sophie*, Xerme Edicións

- 2 Une estas dúas frases co conector adecuado en cada caso.

Facer as tarefas

Saír a xogar

- Engadir información. ▶ .....
- Expresar dificultade ou contradición. ▶ .....
- Relacionar un resultado coa súa causa. ▶ .....
- Situar no tempo. ▶ .....

- 3 Atopa no seguinte texto tres palabras homófonas. Despois escríbeas no recadro coa súa parella.

Mañá todos os da clase imos de excursión a Cabo Home. Saímos moi cedo para poder botar alá todo o día e volver á noite. Ímolo pasar xenial e seguro que é precioso ver as vagas do mar desde o alto. Que gana de ir!


.....

.....

.....



4 Inventa o texto das viñetas deste fragmento dun cómic. Despois, responde as preguntas.



- a) Cantas viñetas aparecen no cómic anterior? .....
- b) Cantos globos de diálogo hai? .....

5 Completa as palabras coa sílaba que falta. Ten en conta que poden levar acento gráfico.

mala .....	rista	..... bore	..... tiles	..... pada
..... charo	ca .....	vana	..... bolo	bol .....
..... goa	pa .....	sito	te .....	fono
..... xegas	..... tiles	a .....	xere	pan .....
de .....	tivo	ca .....	rela	..... frago
				..... lite

6 Escribe as instrucións para empregar un helicóptero de xoguete. Utiliza polo menos unha parella de palabras homófonas e dúas palabras esdrúxulas. Non esquezas os conectores.

.....

.....

.....




1 Escolle a palabra axeitada para cada un dos seguintes debuxos.

nobelo




novelo

baca



vaca

barra



varra

2 Relaciona cada palabra homófona co significado que corresponda.

varón •  
barón •  
bate •  
vate •  
bobina •  
bovina •

- Persoa que vaticina, adiviño.
- Persoa de sexo masculino.
- Relativa ao touro, á vaca ou ao boi.
- Cilindro de diferentes materiais para enrolar fío, corda...
- Home que posúe un título da nobreza.
- Pau que se usa nalgúns deportes para golpear a pelota.

3 Escolle unha das parellas de palabras homófonas e escribe unha oración con cada unha delas.

.....

.....


4 Pensa nunha parella máis de palabras homófonas e define cada unha delas.

.....

.....

1 Completa estas oracións cos conectores do cadro.

- Isto quédame grande ..... non é do meu talle.
- Teño présa, ..... prefiro o camiño máis longo.
- Fixo a torta ..... de facer a compra.
- Nas festas da vila vou montar na nora ..... no carrusel.



2 Completa estas oracións con conectores.

- A miña nai ten moitos libros ..... lle encanta ler.
- Na fin de semana xogo ao baloncesto, ao voleibol e ..... ao xadrez.
- Hoxe non vai un bo día, ..... iremos de paseo igualmente.
- Na praia ..... xogamos ás pas e ..... ímonos bañar.
- Non sei se ir á casa de Breixo ..... se dicirlle que vaíamos ao parque.


3 Relaciona os conectores coa función que cumpren.

Así mesmo, tamén, igual que	Engadir información.
Porque, logo, xa que	Expresar dificultade ou contradición.
Á vez que, despois	Relacionar un resultado coa súa causa.
Non obstante, malia que, pero	Situar no tempo.

4 Fíxate nos debuxos e completa as oracións con conectores.



A nena sorrí .....  
lle encanta o libro.



Gústalle moito viaxar,  
..... marcha.

Nome: ..... Data: ..... Curso: .....

**1** Rodea as palabras esdrúxulas nas seguintes oracións.

- María prepárase para ser piloto de helicópteros.
- Cándido vai a clases de húngaro cun profesor nativo.
- Na miña vila temos unha clínica veterinaria grandísima.
- A ver se vés rápido, que vai un día fantástico para ir á praia.

**2** Atopa nesta sopa de letras seis palabras esdrúxulas e escríbeas a continuación.

P	V	L	O	I	N	Á	R	T	U	C
Á	X	Ó	R	B	Ú	X	Z	M	T	Ú
H	F	P	S	C	M	D	H	N	R	P
I	P	Í	N	T	E	G	A	D	É	U
R	I	C	T	Á	R	I	D	O	P	L
Q	É	A	Ñ	X	O	É	B	R	U	A
L	U	R	Ú	M	G	L	G	V	M	G
D	I	O	C	Ó	F	B	L	O	A	E
N	É	C	O	R	A	X	Í	Ñ	Q	U

**3** Risca as palabras que non sexan esdrúxulas e copia as que si o son.

Francia

máscara

Bélxica

vertixe

páxina

pantalla

clásico

heroe

**4** Une os seguintes verbos cos pronomes correspondentes e coloca o acento gráfico cando sexa preciso.

- |                            |                         |
|----------------------------|-------------------------|
| • escribimos + lle ▶ ..... | • pedirán + vos ▶ ..... |
| • collín + o ▶ .....       | • chama + te ▶ .....    |
| • fixo + mo ▶ .....        | • vimos + a ▶ .....     |
| • prestamos + llo ▶ .....  | • escoito + o ▶ .....   |

1 Escribe oracións nas que empregues os seguintes conectores.

mentres

así e todo

así que

ademais

.....

.....

.....

2 Escribe o plural das seguintes palabras. Pon atención ao acento gráfico.

fácil

cónsul

dólar

réptil

túnel

fósil

.....

.....

.....

3 Indica cales das seguintes afirmacións sobre as palabras homófonas non son correctas.

- As palabras homófonas son as que se pronuncian igual pero se escriben diferente.
- As palabras homófonas son as que teñen un mesmo significado.
- As palabras homófonas sempre son verbos.
- As palabras homófonas non teñen o mesmo significado.

4 Inventa o texto para os globos de diálogo deste cómic.

